



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Selecciones de Personal e provisión de postos
Asunto	Proceso selectivo para a cobertura, en réxime de interinidade, dunha praza de Técnico/a de administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Bueu (quenda libre)
Responsable	Secretaría
Documento	Anuncio de alcaldía
Trámite	Reanudación do prazo de presentación de solicitudes de participación do procedemento selectivo

ANUNCIO

No BOP de Pontevedra núm. 25, do 6 de febreiro de 2020 publicáronse integramente as bases e a convocatoria do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de técnico/a de Administración xeral (rama xurídica) do Concello de Bueu (quenda libre).

No DOG num. 32 de 17 de febrero de 2020, publicouse a convocatoria do proceso selectivo, iniciándose, na data de 18 de febrero de 2020, o cómputo do prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes de participación do procedemento selectivo, debendo terse rematado o mesmo na data de 16 de marzo de 2020.

O prazo de presentación de solicitudes de participación do procedemento selectivo quedou interrompido o 14 de marzo de 2020 en virtude do disposto na disposición Adicional Terceira apartado primeiro do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE num.67 de 14.03.2020), cando restaba un día hábil para a finalización do prazo.

Tendo en conta a derogación da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, con efectos dende o 01 de xuño de 2020, operada pola Disposición derogatoria única (apartado 2º) do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 publicado no BOE núm. 145 de 23.5.2020

Polo presente dispónse o seguinte:

- **A reanudación do prazo para a presentación de solicitudes do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de técnico/a de Administración xeral (rama xurídica) do Concello de Bueu (quenda libre), por UN (1) DÍA HÁBIL.**

Consonte o anterior, os interesados en participar no proceso selectivo de referencia poderán presentar as correspondentes solicitudes de participación dende as 00.00 horas do luns 1 de xuño de 2020, ata as 23:59 horas do devandita data.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AHGD2D9TZYF4CRZC6W6WRD99XK | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

O que publica para xeral coñecemento no Taboleiro electrónico do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público"), sen prexuízo de que, de forma complementaria , se publique na páxina web do concello en cumprimento do disposto na Base 14ª.2 das bases reguladoras do proceso selectivo.

Documento asinado electrónicamente ao marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AHGD2D9TZ1F4CRZC6WRD9XK | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPúblico | Páxina 2 a 2